

As Irmandades da Fala, cen anos despois

Carme Fernández Pérez-Sanjulián (ed.)



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Esta colección de estudos, organizada polo grupo ILLA (Investigación Lingüística e Literaria Galega) da Universidade da Coruña, contribúe a situar no presente a vixencia e proxección das Irmandades da Fala, como decisiva proba da autoorganización política e da distintividade literaria e artística que emprenderon os seus artífices, ao uniren teoría e praxe ao servizo innovador da presenza pública da lingua galega, e ao afirmaren a “soberanía estética da nación galega”, tal e como proclama o seu manifesto fundacional.

O volume componse de dezoito traballos elaborados por especialistas en diferentes ámbitos, que discorren desde a reflexión de conxunto sobre as achegas que incorporou este movemento, até a análise pormenorizada de aspectos específicos, todos eles esenciais para entender a visión totalizadora que as Irmandades da Fala propuxeron en relación co labor de construción nacionalitaria da Galiza.



As Irmandades da Fala, cen anos despois

Carme Fernández Pérez-Sanjulián (ed.)

A Coruña 2016

Universidade da Coruña
Servizo de Publicacións

As Irmandades da Fala, cen anos despois

FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, Carme (ed.)

A Coruña, 2016

Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións

Monografías, n.º 157

N.º de páxinas: 328

17x24 cm.

Índice: pp. 5-6

Depósito legal: C 2213-2016

ISBN: 978-84-9749-643-8

CDU: 329.17(460.11)“19”

IBIC: 1DSEL | GTN | JPFN | JPW | HBTB | JFCX | 3JK

EDICIÓN

Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións (<http://www.udc.gal/publicacions>)

© Universidade da Coruña

© os autores

DISTRIBUCIÓN

Galicia:

- Consorcio Editorial Galego. Av. da Estación 25, 36812 Redondela (Pontevedra)
pedimentos@coegal.com

España e internacional:

- Logística Libromares, S.L. C/ Matilde Hernández 34, 28019 Madrid (España)
pedidos@libromares.com
- Pórtico Librerías. C/ Muñoz Seca 6, 50005 Zaragoza (España)
distribucion@porticolibrerias.es

DESEÑO DA CUBERTA: Julia Núñez Calo

IMPRIME: Lugami Artes Gráficas

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso previo e por escrito das persoas titulares do *copyright*.

ÍNDICE

Carme Fernández Pérez-Sanjulián Nos cen anos das Irmandades	7
Justo Beramendi As Irmandades: unha ruptura política e cultural	13
Xosé Luis Axeitos As Irmandades da Fala no seu centenario: as orixes e a conexión cubana	25
Emilio Xosé Ínsua Galiza, República, Lingua, Esquerda. Esteos ideolóxicos e perfís cívico-culturais do labor prometeico de Antón Villar Ponte (1881-1936)	35
Uxío-Breogán Diéguez As Irmandades da Fala, a historia e a construción do contemporáneo imaxinario (nacional) galego. Unha breve aproximación	59
Carlos-Caetano Biscainho-Fernandes As Irmandades da Fala e a masonaría	73
Luis Martínez-Risco Daviña Re-ler as relacións entre a Galiza e Portugal no centenário das Irmandades da Fala	99
Xosé A. Fraga Vázquez & Ánxela Bugallo Rodríguez As Irmandades da Fala e a incorporación do galego na cultura científica	109
Xosé Ramón Freixeiro Mato A lingua galega na época das Irmandades	123
Xosé Manuel Sánchez Rei Descrición e prescrición na <i>Gramática do idioma galego</i> de Luguís Freire (1922, 1931)	141
Xoán López-Viñas Aproveitamento da lingua medieval na época das Irmandades da Fala	157
María Pilar García Negro Unha aproximación ao <i>retrato</i> sociolingüístico na obra artística de Castelao	175
Olivia Rodríguez González <i>O porco de pé</i> , unha sátira do <i>irmán</i> Vicente Risco na Galiza da ditadura	199

Laura Tato Fontaiña	
Polémicas e desencontros arredor do teatro	217
Iolanda Ogando	
Galiza de ida e volta: imaxes da emigración e do retorno no teatro durante o tempo das Irmandades	235
Ramón Rodríguez Palleiro, “Moncho do Orzán”	
O Orfeonismo e os Coros Galegos da Coruña na conformación do ideario musical das Irmandades da Fala	257
Carlos L. Bernárdez	
<i>Circa</i> 1916. A pintura galega no tempo das Irmandades	269
Miguel Anxo Seixas Seoane	
Camilo Díaz Baliño: o deseñador da nación	289
M^a Victoria Carballo-Calero Ramos	
A ilustración en <i>Terra</i> , <i>Boletín da Cultura Galega</i> , <i>Idearium da I.N.G. n’ América do Sul</i> (Bos Aires, xuño – outubro 1923)	315

Nos cen anos das Irmandades

CARME FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN

Universidade da Coruña. Grupo ILLA

Celebrar os cen anos de calquera iniciativa ligada á historia galega contemporánea é, de seu, un feito digno de mención, mais se o que se está a lembrar é o nacemento e consolidación da primeira organización que proclama o carácter nacional da Galiza e, por tanto, a súa condición de suxeito colectivo soberano, a efeméride pasa a ter un carácter fundamental, xa que se trata de conmemorar o punto de partida do nacionalismo galego moderno.

Este volume xurdiu no marco da proposta de organización de actividades promovida desde o Museo do Pobo Galego no aniversario da fundación das Irmandades da Fala. Nesta liña é onde debemos situar a preparación do presente libro, como contributo á celebración deste centenario desde o grupo ILLA (Investigación Lingüística e Literaria Galega) da Universidade da Coruña.

Así, á hora de organizar esta publicación, e sempre desde a idea central de pór en relevo o protagonismo das Irmandades da Fala no Segundo Renacemento da cultura galega, solicitamos a colaboración de especialistas en diferentes ámbitos de estudo para subliñar o carácter interdisciplinar das liñas de actuación promovidas polas Irmandades. Deste modo, a colección de estudos que

agora se presenta, concibida a modo de poliedro de moitas faces, estruturalmente solidarias e complementares, está composta por dezaioito traballos que discorren desde a reflexión de conxunto sobre as achegas que incorporou o movemento das Irmandades, até a análise pormenorizada de diferentes aspectos, todos eles esenciais para entender a visión totalizadora que as Irmandades propuxeron en relación co labor de construción nacionalitaria da Galiza.

O volume iníciase cunha serie de estudos que se centran, sobre todo, na análise das liñas ideolóxicas das Irmandades da Fala, así como nalgún dos debates políticos que tiveron máis incidencia na configuración e no desenvolvemento das súas liñas programáticas. No primeiro artigo, Justo Beramendi, desde a perspectiva que nos proporcionan os cen anos transcorridos desde a súa fundación, revisa de modo crítico as achegas que aquel proxecto colectivo supuxo para a Galiza, ao tempo que propón unha reflexión sobre a súa vixencia. Na súa análise reflexiona sobre aquelas reivindicacións irmandiñas que, a partir do primeiro paso dado polas Irmandades (defensa da oficialización da lingua galega, dos símbolos nacionais ou da autonomía nun contexto democrático...), están a día de hoxe integradas de modo máis ou menos normal na nosa sociedade. Fronte a estas, incide, tamén, naquelas outras que conservan toda a súa vixencia (maior nivel de autogoberno, desaparición do clientelismos e a corrupción, normalización da lingua e culturas galegas...) e que esixen aínda traballo e compromiso.

Nesa mesma liña de revisión das achegas, xa no marco da reflexión sobre o compromiso explícito das movemento irmandiño coa loita pola rehabilitación do galego como fundamento da autonomía do discurso político, Xosé Luís Axeitos analiza as conexións cubanas das Irmandades a partir da presentación dun texto inédito, unha carta enviada en 1916 á Real Academia Galega. Subliña como este texto, para alén de evidenciar o protagonismo do mundo migratorio galego na conformación de institucións defensoras do carácter nacional de Galiza, axuda a entender en que medida a realidade americana axudou as Irmandades a establecer unha vía singular de comunicación entre a lingua dos intelectuais e a fala dos emigrantes.

A seguir, o traballo de Emilio Xosé Ínsua centra a súa atención na análise do percurso vital e ideolóxico de unha das figuras centrais do período histórico que nos ocupa, Antón Vilar Ponte. Nel establece sete fases na traxectoria do autor, a partir das cales estuda tanto a súa intervención pública, como as liñas de pensamento que a orientaron e que, segundo Ínsua, se resumen en catro conceptos básicos: Galiza, República, Lingua e Esquerda.

No seu estudo Uxío-Breogán Diéguez reflexiona sobre como, co nacemento das Irmandades da Fala, se desenvolve un moderno discurso patriótico galego que vai dar orixe á construción dun imaxinario colectivo galego en chave nacional. Neste sentido, este contributo confirma que o discurso e imaxinario dos irmandiños recolle o legado dos integrantes do Rexurdimento, aínda que agora anovado con novas referencias.

Pola súa vez, Carlos-Caetano Biscainho-Fernandes presenta no seu artigo unha novidosa aproximación ás vinculacións entre as Irmandades da Fala a masonaría, un modelo de sociabilidade moi presente na sociedade da altura. En concreto, examina as eventuais conxuncións ou influencias da ideoloxía e da praxe da masonaría galega, tanto no contido do programa das Irmandades da Fala, como na súa actividade cotiá.

Un debate de singular relevancia, tanto na altura de 1916 como de hoxe mesmo, é o que introduce Luís Martínez-Risco Daviña no seu traballo, que se centra na problemática cuestión das relacións entre a Galiza e Portugal. Propón unha relectura de textos galegos e portugueses, especialmente no que atinxe á revisión das propostas de relacionamento no ámbito cultural, mais que se insire nun debate político de maior profundidade, e que implica unha reflexión sobre cuestións económicas, sociais ou de articulación do territorio.

Implicito xa neste contributo, a reflexión desde diversas ópticas sobre a centralidade do aspecto lingüístico vai ser o obxecto dunha parte importante dos traballos que se inclúen neste libro, pois as Irmandades da Fala poñen a lingua galega no primeiro plano do debate social e político e convértena, tamén, en motivo central do activismo nacionalista en todos e cada un dos ámbitos en que desenvolven o seu labor. Inicia esta sección o traballo de Xosé A. Fraga Vázquez e Ánxela Bugallo Rodríguez, que pon o acento nun aspecto decote esquecido cando se fala deste movemento: o papel das Irmandades da Fala no que tinxe á incorporación do galego na cultura científica. Sosteenen que a intervención das Irmandades foi decisiva, pois permitiu que o idioma galego fose utilizado por primeira vez no mundo da ciencia en iniciativas promovidas polos irmandiños ou en institucións relacionadas con eles.

Nesta mesma liña, Xosé Ramón Freixeiro Mato desenvolve unha pormenorizada análise da situación da lingua galega na época das Irmandades, coa revisión das numerosas iniciativas e proxectos que introducen, estenden ou consolidan a presenza do galego no sistema educativo, no teatro, na prosa, no campo editorial ou na actividade política. Reflexiona, tamén, sobre o proceso

de consolidación da lingua literaria e o preponderante papel do modelo diferencialista, ao tempo que se achega ao debate sobre a norma escrita nun marco legal favorábel ao español e nun contexto dominado polos preconceptos en contra do galego.

A seguir, Xosé Manuel Sánchez Rei centra o seu traballo na análise de unha das publicacións de carácter lingüístico-gramatical da altura, a *Gramática do idioma galego* de Manuel Lugo Freire. Sinala como nun contexto epistemolóxico embrionario no tocante ao estudo da lingua, o autor tratou de ofrecer ao público unha proposta que camiñase cara ao uso dun galego depurado, así como unhas normas para o conseguir.

Por outra parte, Xoán López Viñas realiza unha aproximación ao aproveitamento da lingua medieval na época das Irmandades da Fala, que se traduciu, tanto no discurso elaborado polos escritores e escritoras como no uso de arcaísmos provenientes da época medieval na lingua literaria do primeiro terzo do século XX.

Por último, como ramo desta sección temática máis centrada nos temas directamente vinculados á lingua, María Pilar García Negro utiliza a obra artística de Castelao como punto de partida para unha análise de carácter sociolingüístico. Así, sinala como Castelao, após o seu ingreso nas Irmandades da Fala, vai incidir significativamente na fotografía sociolingüística da Galiza do seu tempo a través dun instrumento privilexiado, a súa arte gráfica. Dela, a autora escolle para a súa análise a que denomina arte simbiótica, por combinar discurso artístico e literario en diferentes proporcións (viñetas e estampas con pé ou lexenda; debuxo-relato).

Os seguintes estudos desenvolven aspectos máis ligados á produción literaria en sentido amplo. En primeiro lugar, Olivia Rodríguez González estuda a relacións entre dúas obras de Vicente Risco, *O porco de pé* e *El problema político de Galicia*, coa vontade de afondar na interpretación ideolóxica da novela. Sinala como humor esperpéntico, caricatura satírica, política, teosofía, arte e literatura son as claves sobre as cales o autor constrúe un artefacto vangardista para retratar, no fondo, o esfarelamento das arelas das Irmandades do nacionalismo galego no tempo da ditadura.

Os traballos seguintes ocúpanse dunha parte da actividade cultural de singular vitalidade no tempo das Irmandades; referímonos ao mundo das actividades escénicas, tanto ás especificamente teatrais como as musicais. En primeiro lugar, Laura Tato Fontaíña, analiza as polémicas que rodearon a renovación

do teatro galego desde a fundación das Irmandades da Fala até a súa desfeita, en 1923, pola ditadura do xeneral Primo de Rivera. Sinala como, dentro do propio ámbito do movemento, as desavinzas sobre os límites da renovación atinxiron a todos os aspectos do espectáculo: dramaturxia, temática, estética e de formación de actores e actrices.

A seguir, Iolanda Ogando, a partir da análise de varias pezas producidas nesa etapa, examina o tema do retorno dos/as emigrantes nos textos dramáticos desde o punto de vista da súa participación na construción dun imaxinario social e cultural arredor da emigración.

Por outra banda, tamén intimamente relacionado coa actividade teatral, está o papel relevante que na vida cultural das primeiras décadas do século XX tiveron os coros galegos. Así, Ramón Rodríguez Palleiro, “Moncho do Orzán”, a partir da descrición pormenorizada da vida musical na Coruña, realiza un sucinto percurso pola música coral galega, culta e popular, desde o xermolo na segunda metade do século XIX até o florecemento vizoso no tempo das Irmandades. Ao tempo, reflexiona sobre o modo en que a música e, máis concretamente, o canto, interactúan na consolidación do pensamento, primeiro rexionalista e logo nacionalista.

Finalmente, cerra o volume un grupo de artigos que pon o acento en varios aspectos que tornan evidente a vinculación entre as artes plásticas ea construción do discurso identitario nacional que caracteriza o proxecto do movemento irmandiño. En concreto, Carlos L. Bernárdez, a partir da descrición de obras pictóricas datadas arredor do ano 1916 reflexiona sobre a relación existente entre o do proceso de configuración dunha escola de pintura nacional e o nacemento das Irmandades da Fala. Así, subliña os trazos comúns que existen entre esa arte, que tiña a Galiza como o seu centro de creación, e a literatura galega do período.

A seguir, Miguel A. Seixas Seoane realiza un exhaustivo percurso pola traxectoria vital e artística dun dos artistas do período, Camilo Díaz Baliño, a quen considera o creador da iconografía do nacionalismo galego. No artigo descríbese polo miúdo a actividade desenvolvida polo pai de Isaac Díaz Castro como deseñador, ilustrador e pintor no marco tanto das Irmandades da Fala como do nacionalismo, en xeral.

O traballo de M^a Victoria Carballo-Calero Ramos pon o ramo a esta sección e mais ao volume co seu pormenorizado estudo da ilustración nos cinco números da revista *Terra*, voceiro da Irmandade Nazonalista Galega de Bos Aires,

que se publicaron na capital arxentina entre xuño e outubro de 1923. A autora analiza especialmente as colaboracións dos artistas ourensáns Xulio Prieto Nespereira e, sobre todo, de Cándido Fernández Mazas, de quen subliña a orixinalidade, calidade e carácter vangardista da súa ilustración.

Satisfaime, en fin, como coordinadora deste volume e desde a UDC e o seu grupo de investigación ILLA, contribuír a situar no presente a vixencia e proxección das Irmandades da Fala como decisiva e rotunda proba da autoorganización política e da distintividade literaria e artística que emprenderon os seus artífices, ao unir teoría e praxe ao servizo innovador da presenza pública da lingua galega e ao afirmar, con explícita vontade, a “soberanía estética da nazón galega”, tal e como proclama o seu manifesto fundacional.